

PREINSCRIPCIÓN E MATRÍCULA NOS MÁSTERES UNIVERSITARIOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2018/2019

(Consello de Goberno do 26 de abril de 2018)

O procedemento de preinscrición e matrícula nos másteres universitarios da Universidade da Coruña realizarase en todo caso de acordo cos trámites establecidos na Normativa de Xestión Académica para o curso académico 2018/2019.

Os solicitantes acreditarán o cumprimento dos requisitos de acceso e admisión para cada máster, nos prazos sinalados para realizar a preinscrición. Sen prexuízo de que neses prazos poidan entregar presencialmente, mediante correo electrónico ou correo postal na Administración do centro, copias simples, finalmente deberán presentar a documentación na forma indicada neste documento.

I.- PRAZOS DE PREINSCRIPCIÓN PARA O ESTUDANTADO DE SISTEMAS UNIVERSITARIOS ESTRANXEIROS ALLEOS AO SISTEMA UNIVERSITARIO ESPAÑOL:

O Consello de Goberno do 27 de abril de 2017 estableceu e publicou un prazo extraordinario de preinscrición e matrícula, para os másteres universitarios da UDC, para estudantes de sistemas universitarios estranxeiros alleos ao sistema universitario español. En todo caso, o número total de estudantes admitidos non superará o 30% das prazas ofertadas (as prazas desta reserva que non se cubriren acumularanse para os prazos sinalados no apartado II).

A preinscrición realizarase a través do formulario en liña da web da UDC. A documentación necesaria deberá remitirse ou entregarse persoalmente na Administración do centro.

Todas as solicitudes formuladas por persoas cos títulos académicos esixibles deberán ir acompañadas, sen prexuízo do que estableza a Normativa de Xestión Académica para o curso 2018/2019, da seguinte documentación, traducida a calquera das dúas linguas oficiais na Universidade da Coruña (non será precisa a tradución oficial cando se trate de documentos redactados en lingua inglesa, francesa, portuguesa ou italiana. Nestes casos bastará a tradución que realice a propia persoa interesada, prevalecendo, se houber discrepancia a tradución que realice a Universidade da Coruña):

- a) Título que dá acceso ao máster
- b) Certificado expedido por autoridade competente que exprese que o título do que estea en posesión o interesado facilita, no país expedidor deste, para o acceso a ensinanzas de máster ou de posgrao; excepcionalmente, e de forma motivada polo interesado, poderase substituír por unha declaración responsable, de acordo co disposto no artigo 69.1 da LPAC e segundo o modelo publicado no Anexo correspondente da Normativa de xestión académica.
- c) Certificación académica

Non obstante, a comisión de cada máster poderá requirir, de o considerar preciso, a entrega doutra documentación.

Código Seguro De Verificación	jGeEo141NfwwD5Xo1pphsQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	03/05/2018 09:05:05
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jGeEo141NfwwD5Xo1pphsQ==		



Sen prexuízo da obrigada solicitude de preinscrición en cada título, a documentación requirida é válida para as distintas titulacións que se impartan no mesmo centro docente, polo que, no caso de solicitarse a preinscrición en máis dun máster, o solicitante advertirá desta circunstancia á administración do centro e realizará unha soa entrega.

A citada documentación deberá presentarse polos interesados convenientemente legalizada, ou coa Apostila da Haia (no caso de títulos obtidos en universidades pertencentes a países que subscribisen o correspondente convenio) na administración do centro en que se imparte o máster, no momento de formalizaren a súa matrícula.

Non obstante, de acordo co disposto no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, cando no momento da formalización da matrícula a persoa interesada non poida achegar a documentación requirida debidamente legalizada ou apostilada, bastará con que achegue unha copia simple do documento de que se tratar, acompañada dunha copia da solicitude da correspondente legalización ou apostila. En todo caso, se antes do inicio das datas de avaliación das materias do primeiro cuadrimestre o interesado non presenta os documentos debidamente legalizados ou apostilados, a matrícula quedará anulada, por resolución reitoral a proposta do decano/director do centro no que se imparta o título, sen dereito a devolución das taxas e prezos públicos aboados.

ESTUDANTES DE SISTEMAS UNIVERSITARIOS ESTRANXEIROS ALLEOS AO SISTEMA UNIVERSITARIO ESPAÑOL	
16 de xaneiro – 30 de abril de 2018	Preinscrición
8-10 de maio de 2018	Publicación lista provisional
10-18 de maio de 2018	Reclamacións
24-25 de maio de 2018	Publicación lista definitiva
2018	Matrícula (segundo os prazos xerais)

II.- PRAZOS DE PREINSCRICIÓN PARA O RESTO DO ESTUDANTADO E PRAZOS XERAIS DE MATRÍCULA:

Establécense distintos prazos de preinscrición e matrícula nos másteres universitarios da UDC. En cada prazo ofertaranse as prazas vacantes existentes do total de prazas ofertadas en cada máster. Os solicitantes preinscritos que non fosen chamados a matrícula constituirán unha lista de agarda que será utilizada en caso de que se produza unha vacante, antes de que comece o novo prazo de preinscrición.

Os integrantes da lista de agarda que non foren chamados a matrícula incorporaranse na lista provisional do segundo prazo sen necesidade de facer unha nova inscrición. Estas solicitudes, xunto coas novas do segundo prazo, serán baremadas realizándose unha nova ordenación para asignación das prazas vacantes.

Nos seguintes prazos procederase seguindo os mesmos trámites do prazo anterior.

Os solicitantes do Sistema Universitario Español presentarán, sen prexuízo do establecido na Normativa de Xestión Académica citada, o seu título universitario español que lle permita o acceso e a admisión ao máster. Se no momento da preinscrición só entregan copia simple do seu título universitario oficial español, deberán presentar o orixinal deste e unha copia para o seu cotexo ou ben copia compulsada no momento de formalizaren a matrícula.

Código Seguro De Verificación	jGeEo141Nfwd5XolpphsQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	03/05/2018 09:05:05
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jGeEo141Nfwd5XolpphsQ==		



A preinscrición realizarase a través do formulario en liña da web da UDC. A documentación necesaria deberá remitirse ou entregarse persoalmente na Administración do centro.

Unha vez publicada a relación definitiva de admitidos, estes matricularanse nos prazos establecidos a través da secretaría virtual do estudiantado da UDC. A non formalización da matrícula no período establecido suporá a perda da correspondente praza, sendo necesario realizar unha nova preinscrición.

Habida conta de que os estudantes provenientes de sistemas universitarios estranxeiros poden solicitar a preinscrición nun máster nos prazos xerais previstos no apartado II, se non o fixeron nos prazos establecidos no apartado I ou se non foron admitidos nestes prazos, as comisións de selección deberán ter en conta o seguinte:

Terán preferencia en todos os prazos sinalados no apartado II os solicitantes provenientes do Sistema Universitario Español sobre os solicitantes provenientes de sistemas universitarios estranxeiros, toda vez que éstos tiveron os seus propios prazos así como unha porcentaxe de reserva de prazas, segundo o establecido no apartado I.

1º PRAZO (xuño-xullo de 2018)	
24 xuño – 3 xullo	Preinscrición
10 xullo	Publicación lista provisional
10 – 12 xullo	Reclamacións
19 xullo	Publicación lista definitiva
20 – 26 xullo	Matrícula
2º PRAZO (agosto-setembro de 2018)	
16 -31 agosto	Preinscrición
5 setembro	Publicación lista provisional
6 – 7 setembro	Reclamacións
10 setembro	Publicación lista definitiva
11 – 16 setembro	Matrícula
3º PRAZO (setembro-outubro de 2018)	
19 – 23 setembro	Preinscrición
26 setembro	Publicación lista provisional
26 - 28 setembro	Reclamacións
1 outubro	Publicación lista definitiva
1 – 5 outubro	Matrícula

III.- RESERVA DE PRAZAS A ESTUDANTES CON DISCAPACIDADE

Ao abeiro do acordo adoptado polo Consello de Goberno do 29/03/2017, establécese unha reserva do 5% das prazas dispoñibles para estudos de máster universitario para os estudantes que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, así como para aqueles estudantes con necesidades educativas especiais permanentes asociadas ás condicións persoais de discapacidade, que durante a súa escolarización anterior precisaran de recursos e apoio para a súa plena normalización educativa.

Código Seguro De Verificación	jGeEo141Nfwd5XolpphsQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	03/05/2018 09:05:05
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jGeEo141Nfwd5XolpphsQ==		



Os estudantes deberán acreditar esa condición no momento de efectuar a preinscrición correspondente, mediante un certificado oficial de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade, expedido polo órgano competente de cada Comunidade Autónoma.

A ordenación e adxudicación das prazas reservadas realizarase atendendo aos criterios de valoración que sexan de aplicación a cada máster.

As prazas obxecto de reserva destes estudantes que queden sen cubrir serán acumuladas ás ofertadas pola Universidade polo réxime xeral en cada unha das convocatorias.

IV.- PRAZOS DE PREINSCRICIÓN PARA O ESTUDANTADO DE SISTEMAS UNIVERSITARIOS ESTRANXEIROS ALLEOS AO SISTEMA UNIVERSITARIO ESPAÑOL, PARA O CURSO 2019-2020:

Coa finalidade de facilitar a planificación de accións de internacionalización e acceso aos másteres universitarios dos estudantes procedentes de todos os sistemas universitarios estranxeiros (solicitud de bolsas, visados etc.), tanto do Espazo Europeo de Educación Superior coma de alleos a éste, os prazos previstos para a vindeira edición, correspondente ao curso 2019/2020, e para as seguintes, serán os que se indican na seguinte táboa.

O número total de solicitantes admitidos nestes prazos non poderá superar o 30% das prazas ofertadas en cada máster (as prazas desta reserva que non se cubriren acumularanse á quenda xeral na preinscrición). Estes solicitantes deberán cumprir os requisitos de acceso e de admisión na forma establecida neste documento.

ESTUDANTADO SISTEMAS UNIVERSITARIOS ESTRANXEIROS ALLEOS AO SISTEMA UNIVERSITARIO ESPAÑOL	
16 de xaneiro – 30 de abril de 2019	Preinscrición
8-10 de maio de 2019	Publicación lista provisional
10-20 de maio de 2019	Reclamacións
24-27 de maio de 2019	Publicación lista definitiva
Primeiro prazo xeral (a determinar)	Matricula

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Consello de Goberno do **26 de abril de 2018**

O secretario xeral
Carlos Aymerich Cano

Código Seguro De Verificación	jGeEo141NfwdD5XolpphsQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	03/05/2018 09:05:05
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jGeEo141NfwdD5XolpphsQ==		

